

## REVISIÓN SALARIAL

Vista a acta da táboa salarial para o ano 2010 do convenio colectivo do sector de OFICINAS E DESPACHOS, con nº de código 3601005, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 03-02-2010, subscrita pola comisión paritaria do convenio, en data 02-02-2010, e de conformidade co disposto no artigo 13º do convenio colectivo, e no art. 90, 2 e 3, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, este departamento territorial,

ACORDA:

*Primeiro.*—Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante neste departamento territorial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

*Segundo.*—Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

*Terceiro.*—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

En Vigo, a data 2 de febreiro de 2010, reúnense, nas oficinas da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, as partes que se reflecten máis abaixo, para proceder a sinatura da taboa salarial do sector de Oficinas e Despachos da provincia de Pontevedra, para o ano 2010, coa presenza de José Mª Casas de Ron, que actuou como mediador na negociación do convenio colectivo do devandito sector.

As partes indicadas son: dunha banda, como representación empresarial, D. Camilo Castro Silva, D. Manuel Suárez Vázquez e Dª Miriam Blazquez Astorga; e por outra a representación social integrada por D. Serafin Otero Fernández, da central sindical CIG, Dª Rosa Acuña Salgado, de UGT, e D. Enrique Iglesias Crespo e D. Cándido Ansin Agis, de CCOO.

Estudada a táboa, que se inclúe como anexo, asinan a presente acta todas as partes conxuntamente co mediador na negociación do convenio colectivo, en Vigo, na data indicada, sendo ás 13,00 horas.

CATEGORÍAS	Salario base mensual 2010	Remuneración Anual 2010 16 pagas
<b>GRUPO I-PERSOAL TITULADO</b>		
Titulado/a de Grao Superior	1.049,12	16.785,92
Titulado/a de Grao Medio	947,14	15.154,24
<b>GRUPO II-PERSOAL ADMINISTRATIVO</b>		
Xefe/a Superior	947,14	15.154,24
Xefe/a de Primeira - 1ª	933,82	14.941,12
Xefe/a de Segunda - 2ª, Caixeiro/a con firma, Xefe/a de reporteiros, Tradutor/a e Intérprete xurado de máis dun idioma	903,68	14.458,88
Oficial de 1ª, Caixeiro/a sen firma, Intérprete xurado dun idioma, Operador de máquinas contables, Taquimecanógrafo/a, Telefonista e recepcionista con máis de dous idiomas, Inspector/a de zona	831,86	13.309,76
Oficial de 2ª, Telefonista e Recepcionista cun idioma, Reporteiro/a de axencia de información, Tradutor/a e Intérprete non xurado, Xefe/a de visitadores/as	790,18	12.642,88
Auxiliar administrativo/a, Telefonista, Visitador/a, Cobrador/a, Pagador/a	716,57	11.465,12
<b>GRUPO III-TÉCNICOS DE OFICINA</b>		
Xefe/a Superior/a	947,14	15.154,24
Xefe/a de 1ª, Xefe/a de equipo de informática, Analista, Programador/a de ordenadores	933,82	14.941,12
Xefe/a de 2ª, Xefe/a de delineación, Xefe/a de explotación, Programador/a de máquinas auxiliares, Administrador/a de test, Coordinador/a de tratamento de cuestionarios	903,68	14.458,88
Xefe/a de equipo de enquisas, Coordinador/a de estudos	890,39	14.246,24
Delineante proxectista	838,97	13.423,52
Debuxante proxectista, Controlador/a, Operador/a de ordenadores	831,86	13.309,76
Delineante	790,18	12.642,88
<b>GRUPO IV-ESPECIALISTAS DE OFICINA</b>		
Xefe/a de máquinas básicas	903,68	14.458,88
Operador/a de tabuladores, Inspector/a de entrevistadores/as, Encargado/a dpto. de reprografía	831,86	13.309,76
Operador/a de máquinas básicas, Debuxante, Entrevistador/a-Enquisador/a	790,18	12.642,88
Calcador/a, Perforista, Verificador/a, Clasificador/a	730,75	11.692,00
Auxiliar	686,42	10.982,72
<b>GRUPO V-PERSOAL SUBALTERNO</b>		
Conserxe maior	730,75	11.692,00
Conserxe	701,51	11.224,16
Ordenanza, Vixilante	686,42	10.982,72
<b>GRUPO VI-PERSOAL DE OFICIOS VARIOS</b>		
Encargado/a almacén	790,18	12.642,88
Oficial/a 1ª, Conductor/a 1ª	760,92	12.174,72